



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

REGULAMENTO AUTONÓMICO DE PAXARILES

INTRODUCCIÓN:

Paxariles é unha modalidade deportiva de ámbito nacional, que ten por finalidade a educación ao canto dos paxaros silvestres das especies XILGAROS, LIÑACEIROS E VERDEROLOS, cuxas funcións básicas son:

- A) Captura e preselección de exemplares.
- B) Cativa en catividade
- C) Educación ao canto.
- D) Selección e devolución ao medio natural daqueles exemplares que non reúnan as calidades cantoras pretendidas.
- E) Participación nos concursos de canto.

DISPOSICIÓN XERAIS

1 O Campionato Galego de Paxariles é unha competición deportiva de ámbito autonómico, que ten por obxecto promover e fomentar o silvestrismo e recolle só e exclusivamente como modelo de competición o canto dos paxaros silvestres das especies Xílgaros, Liñaceiros e Verderolos, así como os seus correspondentes mixtos.

2 Devandito campionato depende exclusivamente, na súa organización, fomento e control da Federación Galega de Caza e as súas Delegacións Provinciais, estando subordinadas a estas tódalas Sociedades, Clubs ou Agrupacións federadas na mesma.

3 As distintas fases e niveis de competición que regula o presente regulamento, son:

- A) Concursos Sociais (*)
- B) Campionatos Locais (*) (Clasificatorios para os Campionatos Provinciais).
- C) Campionatos Provinciais (Clasificatorios para a Final do Campionato Galego).
- D) Final do Campionato Galego (Clasificatorio para a final do Campionato de España).

(*) É obrigatorio a presentación de polo menos un paxaro cada dous anos nestes concursos para a tramitación do correspondente permiso de capturas.

CAMPIONATO SOCIAIS

Nestes concursos só poderán participar os federados pertencentes á Sociedade organizadora e deberán aterse ás regras que dita Sociedade fixe para os mesmos. Estes non serán puntuables para ningún outro concurso de canto.

CAMPIONATOS LOCAIS

Son os realizados na cidade onde radica a Sociedade organizadora como método de selección para o Campionato Provincial. Neles poderán participar todos os federados pertencentes á mesma que non se atopen baixo expediente, sanción ou inhabilitación.

Os mesmos serán clasificatorios para o campionato provincial. A data de realización destes concursos será como mínimo 15 días antes da fixada para a fase provincial, salvo causa xustificada.

CAMPIONATOS PROVINCIAIS

A Federación Galega de Caza outorgará a organización dos distintos Campionatos Autonómico e Provinciais ás Sociedades que os soliciten, a condición de que se axusten ao artigo 4 do presente regulamento, fixando as datas e condicións coa debida antelación.

Nesta final só poderán participar os paxaros previamente clasificados na fase Local. Os mesmos serán clasificatorios para a final do Campionato Galego de Paxariles. A data de realización será, como mínimo, 15 días antes da fixada para a fase Autonómica.

CAMPIONATO GALEGO DE PAXARILES

A Federación Galega de Caza designará as sedes onde cada ano se celebrará o mesmo, así como a Sociedade organizadora, fixando as datas e condicións de celebración.


Nesta final só poderán participar os paxaros previamente clasificados na fase Provincial. Este concurso é clasificatorio para a final do Campionato de España. A data de realización será, como mínimo, 15 días antes da fixada para dita final.

4 Os requisitos mínimos que con carácter xeral e obrigatorio deberán reunir tódalas Sociedades para a celebración dos seus concursos son os seguintes:

- a) As Sociedades dispoñerán dun equipo colaborador de técnicos suficientes, que serán os encargados de recoller, colgar e descolgar as gaiolas dos paxaros participantes.
- b) A organización dispoñerá dun cartel para cada pluma, as cales situaranse en lugar axeitado. Nelas figurará a asignación dos paxaros inscritos a cada serie e a orde das mesmas, a fin de que os participantes, sen romper o silencio, poidan seguir eficazmente a orde de participación.
- c) Dispoñerán dun mínimo 4 perchas ou prendedores para cada pluma de especie pura e de 3 para os seus mixtos, onde serán colgados os paxaros para o seu axuizamento. Estas deberán ter unha altura máxima de 1.20 metros e unha mínima de 1 metro e situarse con separación mínima de 5 metros entre elas (segundo esbozos).
- d) Dispoñerá dunha mesa para cada pluma, onde se levará a cabo a recepción dos participantes. Esta tarefa corresponde á persoa técnica que a organización designe.
- e) A medidas da cancha serán como se reflicte no seguinte esbozo:

Esbozo de emprazamento para Campionatos de Canto de Paxariles

Distancias regulamentarias que deben reunir o recinto, os campos e a situación dos xuíces, mesas de recepción de paxaros e público



O recinto do concurso terá como mínimo 120 metros de lonxitude por 40 de anchura
Os campos de axuizamento estarán separados entre si por un mínimo de 40 metros
As perchas onde colgaran as gaiolas terán unha altura entre 1 metro e 1,20 metros
Os xuíces situaranse a 7 metros dos paxaros e a 32 metros do público
O público situarase a 25 metros dos paxaros

DESENVOLVEMENTO DA PROBA

5 A organización esixirá aos participantes a presentación do D.N.I. e a licenza federativa do ano en curso, a inscrición dos paxaros; requisito sen o cal non poderá participar en ningún concurso dos recolleitos no presente Regulamento.

6 O importe dos dereitos de inscrición por paxaro será dado a coñecer nos programas de cada proba. Os mesmos serán fixados pola Sociedade organizadora.

O pago do mesmo deberá realizarse polo participante no momento da inscrición. No caso de que se suspenda un concurso por causas meteorolóxicas, non se procederá, en ningún caso, á devolución das inscricións que abonen os participantes.

7 A Sociedade organizadora fixará as datas e horas de inscrición dos exemplares.

8 As series estarán compostas por un máximo de catro paxaros e un mínimo de dous.

9 Si efectuada a división das series resultase que a última quedara composta por un só paxaro, procederase de xeito que, da serie anterior pasará a esta o paxaro de maior número de orde, quedando así composta cada unha destas series por dous paxaros.

10 A orde de saída dos paxaros farase por sorteo, evitando que nunha mesma serie participe máis dun paxaro do mesmo dono.

11 Non poderá participar en ningún concurso dos mencionados no presente Regulamento o federado que se atope baixo expediente disciplinario.

12 Cada paxaro participante deberá competir nunha gaiola individual, dunhas características iguais ou similares ás dos gráfico 1 e 2.




Figura 1




Figura 2

13 A cada paxaro participante, seralle asignado un número que obrigatoriamente deberá ser colocado mediante unha etiqueta adhesiva en lugar visible permanecendo a mesma durante o transcurso da competición, para ser identificado en calquera momento pola organización.

14 O campionato Galego será organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade á que se lle a concedido devandito Campionato.

15 A calidade dos paxaros participantes mediranse por xuíces de Paxariles de categoría rexional ou nacional, utilizando o criterio de axuizamento e Código de canto da Federación Galega de Caza

16 Tódolos concursos, independentemente da categoría dos mesmos, darán comezo rigorosamente ás 9 da mañá.

17 Tódolos paxaros participantes deben estar en poder dos seus propietarios, debidamente enfundados, ata ser requiridos pola organización para a súa inmediata actuación. Os participantes deberán estar moi atentos á orde de actuación dos paxaros, xa que non se admitirá a concursar ningún paxaro pasado de quenda.

18 Nos Campionatos Puntuables, a Federación Galega de Caza nomeará ao Xurado para a Competición, responsable de garantir o cumprimento do presente Regulamento e de resolver cantas incidencias puidesen producirse durante a celebración do Campionato. Estará composto por un número variable de persoas que poderá oscilar a partir de tres membros, elixidos de entre os Sres. Presidentes Provinciais e directivos das sociedades Organizadoras.

19 Os membros do Xurado de Competición serán os responsables da organización e do control individual das canchas de axuizamento, así como de velar polo cumprimento en xeral deste Regulamento, asesorando, informando ou advertindo, cando sexa necesario, a quen o necesite ou mereza, garantindo coa súa presenza permanente o bo desenvolvemento do Campionato. Cada cancha de axuizamento estará dirixida por un membro do xurado, quen á súa vez se manterá coordinado cos seus compañeiros de canchas a través do presidente ou do portavoz do Xurado.

20 O Xurado reunirase, si é necesario, durante a competición, para resolver calquera incidencia, denuncia ou reclamación que precise a súa resposta inmediata e que non poida solucionar, por si só, o membro do Xurado responsable da área onde se produza.

21 O Xurado da Competición estudará e resolverá, deliberando en privado, tódalas reclamacións e denuncias presentadas en tempo e forma. Para iso, poderá asesorarse e pedir a presenza puntual de xuíces, participantes ou testemuñas presenciais, cuxos testemuños e declaracións

poidan aportar datos relevantes que axuden a resolver o caso en cuestión. Tódalas declaracións quedarán reflectidas na acta oficial do Campionato, datadas e asinadas polos declarantes. O veredicto final ou conclusións preliminares ás que chegase o Xurado de Competición, farao público o seu portavoz ao momento en que o Xurado se pronuncie, sendo, en principio, obrigada a súa aceptación por tódolos participantes.

22 Ao finalizar a competición, tódolos xuíces e os membros do Xurado reuniranse en privado, a fin de concluír a competición e redactar a acta provisional. A continuación, o portavoz do Xurado procederá á lectura pública da acta provisional, e concederáse un tempo de 15 minutos para atender e resolver as posibles reclamacións por desconformidade dos participantes co veredicto pronunciado.

23 A organización do Campionato habilitará unha mesa, en lugar discreto e presidida por un membro do Xurado da Competición, para atender cantas reclamacións puidesen producirse. Tódalas reclamacións deben redactarse e asinarse polo reclamante no momento de presentalas e en documento oficial, que lle será facilitado polo membro do xurado encargado de recollelas.

24 No caso de que un reclamante non quedase satisfeito coa decisión do Xurado, poderá dirixirse por escrito á Federación Galega de Caza apelando á revisión da súa reclamación.

25 Non se admitirá reclamación algunha transcorridos 10 minutos desde a lectura da Acta Provisional.

26 Non se admitirá reclamación que non sexa dirixida e suscitada en tempo e forma, podendo incorrer en descalificación automática ou apertura de expediente disciplinario si: As palabras, o ton e en xeral, a forma empregada polo reclamante para elevar a súa denuncia ou reclamación, non se formula, a criterio do Xurado, coa suficiente moderación e o debido respecto.

27 Finalmente, e concluído o tempo de 15 minutos para atender e resolver as reclamacións, o Xurado da Competición redactará e asinará definitivamente a acta do Campionato, reflectindo nel tanto a clasificación do campionato como as posibles reclamacións e incidencias que puidesen producirse.

28 O tempo de axuizamento dos paxaros será dun máximo de doce minutos e un mínimo de 8 minutos. O Director da proba, de acordo cos xuíces, determinará o tempo de axuizamento dependendo do número de participantes na proba.

29 Os paxaros serán devoltos aos seus donos polo habilitado da organización inmediatamente logo de finalizar a súa actuación.

30 Dentro do recinto de axuizamento, só poderán permanecer o persoal de servizo e os xuíces actuantes.

31 Queda prohibido aos participantes, e público en xeral, dirixir a palabra aos xuíces actuantes, mentres estes desempeñan as súas funcións.

32 O Xurado da Competición poderá, chegado o caso, suspender ou anular a celebración dun determinado concurso cando neste concorran:

Contorna ou recinto desaparecido.

Incumprimento das normativas do presente regulamento.

Axentes meteorolóxicos adversos.

Falta de organización, falta de medios e equipo mínimo exigible.

No caso de que se vexan obrigados a tomar tal decisión nun campionato puntuable, informarán diso, o máis axiña posible, á Federación Galega de Caza.

33 Tódolos paxaros deberán concursar obrigatoriamente con taboíñas ou celaderas, sendo responsabilidade dos seus propietarios a súa previsión e montaxe na gaiola antes de entregar o paxaro á organización.

34 Non se admitirá a concurso ningún paxaro que a súa gaiola non estea legalmente precintada, ou con síntomas de manipulación do precinto ou da porta, ou que o número do adhesivo sexa ilexible. Estes controis levásense a efecto antes da súa participación, podendo someterse a revisión posterior por decisión da organización. En calquera caso, o membro designado pola organización responsable desa cancha, realizaría a inspección xeral do precinto, do paxaro e a súa gaiola, comprobando tódolos detalles anotados na inscrición.

A revisión dun paxaro polo descrito no punto anterior, debe realizarse nos tempos mortos que transcorre entre serie e serie. Nunca se interromperá a actuación dunha serie, aínda que nela se atope o paxaro denunciado, nese caso, faríase ao final da súa actuación, podendo ser descualificado automaticamente de constatarse a manipulación do precinto.

35 A organización asegurárase de que os paxaros participantes se atopen en perfecto estado de saúde e de limpeza, podendo descualificar un paxaro que non cumpra devanditos requisitos.

36 No caso de que dous ou máis paxaros de cada pluma queden empatados ao final da competición, establecerase o desempate atendendo ás penalizacións, de forma que o primeiro lugar o ocupe o paxaro menos penalizado. De persistir o empate, atenderase ao apartado de impresión de forma que o primeiro lugar o ocupe paxaro que máis puntos teña neste apartado. De persistir o empate, farase por sorteo, en presenza dos interesados.

37 Os impresos correspondentes ao seu axuízamento non se entregarán aos participantes ata finalizar a última serie de cada especie. Unha vez dadas as clasificacións, ábrese o tempo de reclamacións, de 15 minutos de duración, que serán atendidas por un membro da organización da Competición desde un lugar apropiado e discreto, dado a coñecer publicamente ao comezo da competición.

38 Tódolos participantes están obrigados a acatar sen réplica as advertencias que lles formule o Técnico de Mesa.

39 Todo aquel afeccionado, participante ou non, que ousase dirixirse ao xuíz ou a algún membro da organización de forma irrespectuosa, incorrerá en falta moi grave, podendo por iso ser descualificado automaticamente, vetada a súa participación en futuros campionatos ou ata ser expulsado da Federación Galega de Caza por tempo indefinido.

40 En todo o recinto utilizado para o Campionato, incluído os seus arredores e zona dedicada para aparcamentos de vehículos, non se permitirá a presenza de ningún paxaro estraño á competición.

41 O incumprimento do anterior dará lugar á descalificación como participante ou á sanción que proceda no seu caso, trala apertura de expediente disciplinario.

42 Os concursos e campionatos celebraranse en paraxes abertos, de terreo o máis regular posible e cunha extensión o suficientemente ampla para permitir con folgura o emprazamento das tres canchas de axuízamento, unha para cada pluma. As canchas quedan separadas entre si por unha distancia mínima de 40 metros (como se indica no esbozo).

43 Cando a colocación das canchas presente un notable desequilibrio entre elas, poderá, si a organización o estima oportuno, adxudicar o seu emprazamento mediante sorteo público entre as tres plumas.

44 Inmediatamente logo de finalizar o campionato, procederáse á clasificación dos paxaros participantes e a reeñcher a acta correspondente. Seguidamente, e antes de que teña lugar o acto de entrega de trofeos, a organización liquidará aos xuíces os seus haberes correspondentes, polos conceptos de dereitos de arbitrase e desprazamento.

45 Nos concursos Provinciais e Autonómico, as sociedades organizadoras, entregan ao final dos mesmos, ao Director da proba, a acta do concurso e os impresos de puntuación de tódolos paxaros participantes, quen posteriormente remitirá a acta á Federación Galega de Caza.

46 Ás persoas que tomen parte en calquera proba consideráseles decatados do contido do presente Regulamento, polo que a súa ignorancia non lles eximirá da obrigaición de cumprir as súas disposicións, nin das sancións a que houberse lugar polas infraccións que cometan ao mesmo.

NORMAS QUE REGULAN A CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO DE ESPAÑA

47 A clasificación para o Campionato de España contará de varias fases (Campionatos Locais, Campionatos Provinciais e Campionato Galego)

48 Dos paxaros que obteñan maior puntuación nos seus respectivos Campionatos Locais clasificaranse para o campionato Provincial un máximo de 72 paxaros por pluma de especie pura (18 series de 4 exemplares) e 54 de Mixtos (18 series de tres exemplares). O número de paxaros que cada Sociedade Silvestrista aporta ao Campionato provincial calcúlase de forma proporcional ao número de tarxetas federativas dos seus socios.

49 Dos diferentes Campionatos Provinciais clasifícanse un máximo de 72 paxaros por pluma de especie pura (18 series de 4 exemplares) e 54 de Mixtos (18 series de tres exemplares).

O número de paxaros que cada Provincia aporta ao Campionato Rexional calcúlase de forma proporcional ao número de tarxetas federativas de cada provincia.

	Xílgaro	Liñaceiro	Verderolo
CORUÑA	24	24	24
LUGO	19	19	19
OURENSE	7	7	7
PONTEVEDRA	22	22	22
TOTAL	72	72	72

O número de exemplares a participar nas plumas de Mixto de Xílgaro, Mixto de Liñaceiro e Mixto de Verderolo será de 54, é dicir (18 series como máximo en series de 3 exemplares). A participación no Campionato Galego será proporcional aos federados de cada provincia quedando da seguinte forma:

	Mixto Xílgaro	Mixto Liñaceiro	Mixto Verderolo
CORUÑA	18	18	18
LUGO	14	14	14
OURENSE	5	5	5
PONTEVEDRA	17	17	17
TOTAL	54	54	54

No caso de que unha provincia non cubra a cota asignada nunha proba autonómica, a Federación Galega de Caza cubrirá estes postos mediante a repesca realizada de forma proporcional

naquelas provincias que teñan unha participación máis numerosa.

50 O baremo de clasificación para o Campionato de España será o seguinte:

1º Posto: 25 puntos	9º Posto: 7 puntos
2º Posto: 20 puntos	10º Posto: 6 puntos
3º Posto: 16 puntos	11º Posto: 5 puntos
4º Posto: 13 puntos	12º Posto: 4 puntos
5º Posto: 11 puntos	13º Posto: 3 puntos
6º Posto: 10 puntos	14º Posto: 2 puntos
7º Posto: 9 puntos	15º Posto: 1 punto
8º Posto: 8 puntos	

Para ser incluído neste baremo a puntuación mínima do impreso de axuizamento será de 8 puntos por Campionato. Este baremo será aplicable nos Campionatos Provinciais e Autonómico.

51 Clasificaranse para a final do Campionato de España os paxaros que consigan maior puntuación en función do baremo establecido no artigo 50.

En caso de empate a puntos, clasificarase en primeiro lugar o paxaro que obteña maior puntuación no Campionato Autonómico.

52 Se nunha determinada variedade a inscrición fose inferior a 4 paxaros pertencentes a un mínimo de 2 participantes o xurado da competición citará á final de Campionato Galego aos exemplares inscritos; unha vez escoitados os paxaros presentados os xuíces deliberarán sobre a calidade de devanditos exemplares e poderán:

- a) Declarar deserta a clasificación nesa variedade.
- b) Clasificar directamente ao exemplar ou exemplares que tivesen unha calidade mínima para participar na fase final de Campionato de España.

53 Logo da celebración do Campionato Galego e nun prazo máximo de 3 días, os propietarios dos paxaros con dereito a clasificarse para a Final do Campionato de España deberán nese momento aceptar a súa clasificación; en caso de non estar presentes ou non avisar da súa aceptación, considérase que renuncian a devandita clasificación cedendo o dereito ao propietario do paxaro clasificado a continuación.

54 Todo afeccionado que, clasificado para o Campionato Galego, non acuda a este campionato, perderá tódalas súas opcións de clasificación para o Campionato de España.

55 Existe a posibilidade con carácter excepcional de que un afeccionado poida ser representado en Campionato de España por outra persoa cando imperativos de forza maior lle imposibilite ser el persoalmente quen acuda ao Campionato para presentar aos seus paxaros clasificados. A federación autonómica de caza formulará a petición dirixida ao estamento correspondente, ao cal comunicará a razón da non comparecencia e os datos persoais da persoa que vai representarlle.

XUIZ DE MESA

56 No caso de que no concurso exista a figura do Xuíz de Mesa, esta será a máxima autoridade no recinto pero non poderá influír, baixo ningún concepto, na decisión dos xuíces de campo.

57 Os xuíces de mesa situaranse dentro do recinto, detrás dos xuíces de campo, a unha distancia non superior a 2 metros equidistante entre ambos, quedando illados de participantes e público.

58 Serán misións do Xuíz de Mesa:

- a) Tomar as decisións precisas en caso de deficiencias técnicas e no control dos paxaros, así como coordinar e recompilar as puntuacións dos xuíces de campo.
- b) Coordinar e recompilar as puntuacións dos xuíces de campo para posteriormente entregar á organización.
- c) Acordar que as persoas designadas pola organización coloquen e retiren os paxaros dos prendedores onde concursan.
- d) Prohibir rigorosamente que se acheguen aos xuíces de campo cando estes están no cumprimento das súas funcións.
- e) Acordar que as persoas designadas pola organización coloquen e retiren os paxaros dos prendedores onde concursan.
- f) Controlar o tempo máximo de axuizamento.
- g) Comprobar que o público se sitúe á distancia regulamentaria (ver esbozo).
- h) O Xuíz de Mesa non coñecerá a folla de inscrición dos paxaros participantes ata o remate do concurso, no que xunto cos xuíces de campo e responsable da organización, obterá a relación de ganadores para a firma do acta correspondente.
- i) O Xuíz de Mesa, Colaborará co Xuíz de Campo recollendo da súa mesa as copias dos impresos de axuizamento e, desde o seu posto, comprobará o resultado da suma e resta de puntos daquel, tralo que, comprobada a súa exactitude, recompilará na folla de clasificacións. Ou, no suposto de que detectase algún erro, anotará na súa folla de clasificación para solucionalo ao final da competición, cousa que, advertido por el, fará o propio Xuíz de Campo en presenza do Xurado. Baixo ningún concepto o Xuíz de Mesa permitirase a liberdade de corrixir nin anotar absolutamente nada nas copias dos impresos de axuizamento. As comunicacións verbais entre o Xuíz de Mesa e o Xuíz de Campo deben ser nulas durante a competición.

XUÍCES DE CAMPO

59 As decisións dos xuíces de campo serán inapelables.

60 Os xuíces de campo non poderán presentar paxaro algún da pluma que estean axuizando.

61 Axuizarán con obxectividade a todos e cada un dos paxaros participantes, aplicando con rigor o criterio en que se fundamenta o Código Canto.

62 Vixiarán que non se produza fraude entre os paxaros participantes, informando diso oportunamente ao membro do xurado encargado da súa área, quen comprobará a veracidade da súa sospeita.

63 Denunciarán a todo afeccionado que intencionadamente lle distraia ou moleste no desempeño das súas funcións.

64 Pasarán as copias dos impresos de axuizamento con anotacións claras, sen borróns nin riscadas, e completamente cumprimentadas, ata coa súa sinatura, ao Xuíz de Mesa (se o houberse) ou á persoa designada pola organización.

65 Entre serie e serie, o Xuíz Titular dispoñerá dun minuto para finalizar de cumprimentar os impresos de axuizamento, sumando e restando os puntos alcanzados por cada paxaro axuizado e pasarlle as copias, asinadas no seu orixinal, ao xuíz de mesa.

66 Coidarán con celo que tódolos orixinais dos impresos de axuizamento queden unidos ao libro matriz, quedando este baixo a súa custodia e responsabilidade ata que, finalizada a competición, o entregue persoalmente á persoa designada pola organización.

67 Acudirán a deliberar coa organización da competición para atender e resolver calquera reclamación para a que se precise a súa presenza.

68 Vixiarán as distintas funcións do equipo de colaboradores, controlando o seu dinamismo e eficacia.

69 Informarán puntualmente ao Xurado sobre calquera eventualidade que se produza dentro da área da súa competencia, procurando non interromper a actuación dunha serie, para o que pode axudarse de calquera membro do equipo de colaboradores.

70 Non admitirán atrasos provocados pola espera de paxaros que non estean dispostos polos seus propietarios no lugar de entrega cando son requiridos polos colaboradores para a súa inmediata actuación.

71 Interromperán sen dubidalo a actuación dunha serie para salvar a vida dun paxaro ou cando crea que corre perigo de producirse lesións.

72 Non permitirán que dentro ou fóra do recinto da competición ninguén lle ofenda, insulte ou falte ao respecto, denunciando inmediatamente o feito ante o Xurado da Competición, quen obrará en consecuencia.

73 Non aceptarán conceder ningunha explicación sobre o seu veredicto de xeito verbal e esixente a ningún participante que lles aborde. As explicacións concederanse aos interesados só e exclusivamente presentando a reclamación ante o Xurado.

74 Salvo causa de forza maior, os xuíces axuizaran sentados, de face ao público, a unha distancia deste de aproximadamente 32 m. e respecto dos paxaros de 7m , polo que os paxaros quedarán situados entre o publico e os xuíces, a 25 m do publico.

75 O Xuíz de Campo, non coñecerá a folla de inscrición dos paxaros participantes ata o final do concurso, en que xunto co responsable da organización, obterá a relación de ganadores para a firma do acta correspondente.

76 Tódolos xuíces quedan suxeitos á disciplina do presente regulamento e pola súa conduta deportiva dentro ou fóra do recinto, nos concursos e fóra deles, poderán ser sancionados pola Delegación Provincial á que pertenzan, previa información e expediente do que se lles dará coñecemento, a fin de que poidan, no prazo de oito días naturais, alegar as razóns que estimen necesaria para o súa defensa.

77 As atencións económicas correspondentes aos Xuíces, por desprazamento e actuación quedan suxeitas a posibles subidas anuais que poidan producirse. A Federación Galega de Caza, a través do seu Comité de Caza, fixará as cantidades que por dereitos de arbitraje e desprazamento deberán pagarse aos xuíces.

78 As credenciais poden serlles retiradas aos Xuíces de Campo en caso de mal comportamento ou si a xuízo do Delegado de Paxariles, a súa conduta é antideportiva en calquera clase de proba, aplicándoselle a sanción que en cada caso proceda, previo o oportuno expediente disciplinario.

79 Nas finais Provinciais e Autonómicas, só están facultados para actuar xuíces nacionais ou autonómicos, aínda que en casos puntuais os xuíces titulares poderán estar acompañados durante o axuizamento por aspirantes a xuíces.

80 A Federación Galega de Caza será a encargada de realizar cursos entre os silvestristas que o soliciten, para a obtención da correspondente credencial de Xuíz Autonómico unha vez

superadas as probas correspondentes.

Estes serán propostos polas sociedades ás súas respectivas Delegacións Provinciais e por estas á Federación Galega de Caza quen lles proverá do correspondente nomeamento.

Queda totalmente prohibido actuar como Xuíz de Campo a toda persoa que non estea en posesión do carne que o acredite e supere as probas de aptitude fixadas pola Federación Galega de Caza.

As solicitudes para federarse como Xuíz de Campo deberán estar presentadas na Federación (Delegación de Paxariles), antes de finalizar o mes de xaneiro de cada ano. Non serán atendidas nin confirmadas aquelas que non o fixesen no prazo sinalado.

Nas solicitudes deberá especificarse claramente a pluma ou plumas polas que se presente.

OS PARTICIPANTES

81 Tódolos participantes aceptan ao participar as normas deste regulamento, que lles será entregado ou lido pola organización nos artigos que lles afectan, e están obrigados a competir con deportividade.

82 Trala lectura da acta provisional, o participante que se considere prexudicado poderá presentar a súa reclamación inmediata ao xurado da competición, quen tratará de resolvela na marxe de tempo do que dispón segundo o Art. 37.- deste Regulamento.

83 O pronunciamento final do Xurado de Competición será inapelable.

84 Queda prohibido aos participantes e público en xeral dirixirse aos xuíces mentres estes desempeñan as súas funcións.

85 Todo aquel participante que desexe aclaración sobre o veredicto dos xuíces deberá presentar por escrito, en tempo e forma, a súa reclamación ante o Xurado da Competición.

86 Todo aquel afeccionado, participante ou non, que se dirixa ao xuíz ou a algún membro da organización de forma irrespectuosa, incorrerá en falta moi grave podendo por iso ser desqualificado automaticamente, ou ben pode ser vetada a súa participación en futuros campionatos.

OUTRAS DISPOSICIÓNS XERAIS

87 Ao finalizar a proba, independentemente do tipo de concurso, levantarase acta da mesma pola organización, na que quedará constancia da clasificación obtida por cada paxaro, así como o nome da persoa que o presentou.

No caso de que se rexistrasen incidencias que se reflectan por parte dos xuíces, ou se efectúen reclamacións por parte dos participantes, as mesmas deberán reflectirse nun anexo á acta. Así mesmo, deberá ir asinado polos Xuíces de Campo, polo Presidente da Sociedade organizadora e no seu caso pola persoa ou persoas que efectúen as reclamacións, debéndose unir ao corpo principal do acta.

88 As Sociedades, Clubs ou Agrupacións deportivas, estarán obrigadas a designar persoas suficientemente capacitadas, para o bo desenvolvemento e organización dos concursos ou campionatos.

Estas persoas presentaranse ao Director do Campionato antes de que comece a proba, para recibir deste as instrucións pertinentes ao seu contido.

89 A documentación preceptiva que deberán aportar as Sociedades organizadoras para a celebración dos concursos, será a seguinte:

- a) Actas.
- b) Follas de puntuación adicional.
- c) Follas de minuta de Xuíces.

90 Se no transcurso dunha proba se presentasen casos non previstos no presente regulamento, os mesmos serán resoltos polo Director da proba ou persoa delegada por el.

91 Unha vez que estea creado o Colexio de Xuíces de Paxariles dependente da Federación Galega de Caza, será esta a través do seu Comité de Competición, a que designe os Xuíces que deberán xulgar as distintas probas que se realicen. Para iso, as Sociedades organizadoras deberán solicitar a devandito organismo, coa debida antelación (como mínimo 30 días antes da realización da proba) o número de xuíces que necesita, especificando a pluma e categoría dos mesmos.

92 En tódalas Sociedades, Clubs ou Agrupacións Silvestristas, deberá existir obrigatoriamente unha copia deste Regulamento.

RECLAMACIÓNS

93 O participante que non estea de acordo co resultado da proba, fará a reclamación oportuna por escrito fechado e asinado polo reclamante, non aceptándose as reclamacións que sexan presentadas logo de pasados 15 minutos da finalización das probas.

94 Tódalas reclamacións serán presentadas ante o Director do concurso ou en ausencia deste ante o técnico de Mesa quen, se procede, someteraas ao Xuíz de Campo correspondente para que se resolva.

95 O Xurado de Competición no Campionato Galego estará formado polos Presidentes Provinciais ou representantes dos equipos provinciais e o Director da Competición. As resolucións adoptadas polo xurado logo de haberse reunido para resolver as reclamacións presentadas, son inapelables.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.